



BASES REGULADORAS DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES MUNICIPAIS
DO CONCELLO DE BARBADÁS CURSO 2019/2020

Artigo 1. Obxectivo e ámbito de aplicación.

- As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de admisión e funcionamento das actividades extraescolares municipais impartidas nos centros docentes CEIP Filomena Dato e CEIP O Ruxidoiro pertencentes ao ámbito municipal do Concello de Barbadás.
- Os obxectivos serán os seguintes:
 - Complementar a formación recibida nos centros docentes.
 - Colaborar na conciliación da vida laboral e persoal das familias.
 - Potenciar nos menores o desenvolvemento das habilidades sociais, das capacidades de expresión e creación.
 - Ofrecer aos menores diferentes formas saudables de vivir o lecer e tempo libre con outros/as nenos/as de forma creativa e participativa.

Artigo 2. Destinatarios

As actividades extraescolares municipais están dirixidas a nenos/nenas matriculados/as nos centros educativos pertencentes ao ámbito municipal do Concello de Barbadás (CEIP Filomena Dato e CEIP O Ruxidoiro) durante o curso 2019/2020.

Artigo 3. Requisito para a admisión

Serán requisitos indispensables para a admisión do neno/a nas actividades extraescolares municipais:

- Estar ao corrente de pago dos cursos anteriores.
- Estar matriculado/a no centro docente para o que se solicita a actividade extraescolar no curso 2019/2020.

Artigo 4. Nº de prazas ofertadas.

Para que se leve a cabo a actividade extraescolar será preciso un número mínimo de 8 nenos/as. O número máximo de nenos/as por actividade extraescolar será de 15.



Artigo 5. Horario e calendario.

As actividades extraescolares municipais seguirán o calendario escolar aprobado por cada un dos centros docentes, considerándose non lectivos os días que nestes figuren.

As actividades comezarán o día 1 de outubro de 2019 e rematarán o día 28 de maio de 2020 no horario e día que corresponda a cada unha das actividades.

Artigo 6. Lugar de desenvolvemento.

As actividades desenvolveranse nos espazos cedidos por cada un dos centros educativos e aprobados polo Consello Escolar, previa petición do Concello.

Artigo 7. Funcionamento

- A baixa dun/ha alumno/a nunha actividade extraescolar deberase comunicar no mes anterior ao que se desexa a baixa, cumprimentando a correspondente solicitude de baixa.
- No caso de que o comportamento dun alumno/a afecte ao normal funcionamento da actividade procederase a avisar á familia, e de persistir, a dar de baixa ao alumno/a en dita actividade.

Artigo 8. Criterios de adxudicación

As prazas adxudicaranse por rigurosa orde de entrega da solicitude.

As solicitudes acompañadas por informe social terán, en todo caso, dereito a praza.

No caso de que o número de solicitudes sexa maior que o de prazas ofertadas, pasarán a formar parte dunha lista de espera.

Artigo 9. Documentación a achegar

Aqueles alumnos/as que soliciten bonificación deberán aportar, xunto coa inscrición, a documentación requirida para ser beneficiarios dela:

- No caso de bonificación por desemprego: as tarxetas de demandantes de emprego do/s proxenitor/es.
- No caso de familia monoparental, libro de familia e xustificación dos ingresos obtidos pola unidade familiar durante o ano 2018.



CONCELLO DE BARBADÁS

Concellería de Educación

- No caso de familia numerosa, libro de familia ou carné de familia de numerosa e xustificación dos ingresos obtidos pola unidade familiar durante o ano 2018.
- No caso de solicitar a bonificación de ingresos da unidade familiar familiar por debaixo do IPREM, deberá presentar a xustificación dos ingresos obtidos pola unidade familiar durante o 2018.

Artigo 10. Prazos e lugar de presentación de inscricións.

O prazo para a presentación de solicitudes será dende o día 3 de xuño ata o día 31 de julio de 2019.

A solicitude debidamente cumprimentada xunto coa documentación que corresponda a cada caso deberá presentarse no rexistro xeral do Concello de Barbadás.

As solicitudes estarán dispoñibles tanto nas oficinas municipais como na páxina web do Concello (www.barbadas.es)

Artigo 11. Publicación dos admitidos/excluídos

O listado provisional de admitidos/as publicarase o día 4 de setembro de 2019 na páxina web do Concello de Barbadás (www.barbadas.es) e nos taboleiros de cada un dos colexios. Os listados definitivos publicaranse o 18 de setembro de 2019.

Artigo 12. Solicitudes de alta fóra de prazo de inscrición.

Estarán suxeitas ás prazas dispoñibles. De non existir praza, pasarán a formar parte da lista de espera.

Artigo 13. Custo do servizo.

O custo do servizo ten carácter de taxa, con carácter xeral, o seu importe é de 5 euros/mes por cada actividade (regulado na Ordenanza municipal da taxa pola prestación do Bos días Cole e Actividades Extraescolares). Aquelas actividades que precisen material específico, poderán ter un cargo adicional.





Artigo 13.1: Bonificacións.

A taxa poderán aplicarse as seguintes bonificacións (reguladas na Ordenanza municipal da taxa pola prestación do Bos días Cole e Actividades Extraescolares) a quen acredite a concorrencia das circunstancias que as xustifican:

- Aplicarase unha bonificación do 100% do custo da taxa cando o/os proxenitor/es que ostenten a custodia estén en situación de desemprego. Os/as beneficiarios/as deberán presentar antes de cada cargo a tarxeta do paro para obter dita exencións.
- Aplicarase unha bonificación do 50% do custo da taxa ás familias monoparentais (*definidas según o artigo 13 da Lei 30/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia*) cunha renda per cápita mensual que non supere o IPREM.
- Aplicarase unha bonificación do 50% do custo da taxa cando o/a neno/a teña unha situación económica na que o cómputo dos ingresos anuais da unidade familiar sexan inferiores ao IPREM.
- As familias numerosas (definidas según o artigo 2 da Lei 40/2003 de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas) cunha renda per cápita mensual que non supere o IPREM, aplicaráselles un desconto do 50% sobre o custo da taxa.

As bonificacións deberán solicitarse coa inscrición.

Artigo 14. Forma de pago.

O prezo da taxa farase efectivo en entidade bancaria mediante emisión de recibos. Estes recibos emitiranse do 1 ao 10 do primeiro mes de cada trimestre.

No suposto de devolución dun recibo, a área responsable do servizo comunicará ao usuario/a, mediante os datos a efectos de notificación indicados, dita devolución fixando un prazo de 10 días para presentar o xustificante de ter feito efectivo o pago mediante ingreso bancario no número de conta que se lle facilitará a tal efecto.

O non cumprimento, dentro dos prazos previstos, do pago das cotas, levará á baixa automática do alumno mediante un comunicado escrito do Concello de Barbadás.





CONCELLO DE BARBADÁS

Concellería de Educación

Se alguén se da de baixa antes da finalización do trimestre, non lle será devolto o importe aboado, quedará dado de baixa para o trimestre seguinte.

Artigo 15. Accidentes e lesións

O Concello de Barbadás dispón dun seguro de responsabilidade civil en caso de lesión ou accidente. O Concello proporcionará a súa aseguradora un listado de todos os/as alumnos/as que estén inscritos nas actividades extraescolares municipais que o Concello de Barbadás propón para o curso 2019-2020.

O mal comportamento nas actividades extraescolares municipais do/a neno/a a criterio do responsable da actividade suporá a baixa inmediata, non podendo aproveitarse outra vez da mesma ao longo do curso, sen ter dereito ao reintegro do pago.

O Concello de Barbadás resérvase os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o bo desenvolvemento das actividades extraescolares.

A participación nas actividades extraescolares municipais supón a aceptación das presentes bases.



